

PLAN DIXITAL

CEEPR Princesa Letizia Amencer-Aspace

DATA APROBACIÓN POLO CLAUSTRO: 27/06/2022

DATA APROBACIÓN POLO CONSELLO: 27/06/2022

DATA 1ª REVISIÓN: Decembro 2022

Índice do Plan Dixital

1. Introdución

- 1.1. Datos básicos do centro
- 1.2. Contextualización do plan dixital no centro. Contribución ao Proxecto Educativo do Centro
- 1.3. Breve xustificación do mesmo
- 1.4. Proceso de elaboración

2. Situación de partida

- 2.1. Infraestrutura, equipamento e servizos dixitais
- 2.2. Fontes empregadas para a análise DAFO
- 2.3. Análise DAFO

3. Plan de Acción

- 3.1. Obxectivos, indicadores e accións
- 3.2. Necesidades de equipamento e de infraestruturas tecnolóxicas

4. Avaliación do PD

- 4.1. Seguimento do Plan de Acción
- 4.2. Propostas de mellora (revisión)

5. Difusión do PD

1. Introducción

1.1. Datos básicos do centro

O CEEPR Princesa Letizia Amencer-ASPACE proporciona atención especializada a rapaces e rapazas en idade escolar dos 3 ós 21 anos, afectados de parálise cerebral e/ou patoloxías afíns.

O centro posúe concerto educativo coa Consellería de Educación para 3 unidades.

O noso obxectivo principal é favorecer o benestar e a calidade de vida dos alumnos e alumnas, proporcionando unha atención individualizada e global na que a rehabilitación está integrada coa intervención pedagóxica.

O Centro de Educación Especial Princesa Letizia está situado na rúa Duque de Terranova nº 7, cp 36600 Vilagarcía de Arousa.

O teléfono de contacto do Centro: **986 565 334 / 687695135**

Correo electrónico: **direccion.edu.vilagarcia@amencer-ospace.org**

1.2. Contextualización do Plan Dixital no centro. Contribución ao Proxecto Educativo do Centro

O plan dixital do CEEPR Princesa Letizia é un instrumento de planificación integrado no Proxecto Educativo e na Programación Xeral de Aula, que fundamentalmente persigue o desenvolvemento da información e competencia dixital e na integración das TIC como ferramenta didáctica nos procesos de ensinanza- aprendizaxe.

1.2.1. XUSTIFICACIÓN BASEADA NA TIPOLOXÍA DO ALUMNADO

As características propias dos nosos alumnos e alumnas evidencian unha serie de necesidades básicas que deben ser satisfeitas de xeito prioritario.

✓ En primeiro lugar, as necesidades sanitarias. Non debemos considerar ós nosos alumnos como rapaces enfermos, pero é certo que prestar unha atención especial a súa saúde é esencial tanto para favorecer o benestar inmediato dos alumnos como para previr molestias.

✓ A intervención educativa organízase en torno a outra necesidade básica: a hixiene e o coidado. Os nosos alumnos e alumnas non son autónomos na súa inmensa maioría. Os trocos de cueiro e o aseo forman parte ineludible do día a día. No colexio,

os períodos de actividade planifícanse en función destes momentos do día, e son utilizados como actividades de estimulación e aproveitados para favorecer a comunicación.

✓ A atención pedagóxica ós alumnos e alumnas do colexio, implica a necesidade de contemplar na planificación diaria os cambios posturais que sexan precisos así como tempos de descanso. As súas propias características físicas, sensoriais e cognitivas fan necesaria a alternancia entre períodos de atención/actividade e tempos de dispersión/descanso, que temos en conta na programación da oferta educativa.

✓ Os alumnos e alumnas comen no colexio, o que converte a alimentación nunha responsabilidade de todo o equipo de profesionais que intervén con eles e nun espazo idóneo para a estimulación e o reforzo pedagóxico. Os mestres son os responsables do alumno dende que chega ó colexio ata que finaliza a xornada. É necesario que participen nas actividades de alimentación, que coñezan como se alimentan, con que frecuencia, cales son os seus sabores favoritos, cales non lle gustan... e aporten diariamente á familia a información completa sobre un acto tan importante como é o de alimentarse. No momento do comedor, ademais, refórzanse e xeneralízanse pautas de comportamento, estímúlase a comunicación...

O Departamento de Logopedia, establece as pautas de alimentación en canto a texturas, cantidades e estratexias para favorecer a masticación, deglución, redución da protusión lingual... exercitando ademais, no contexto dunha actividade significativa, movementos de apertura e peche bucal, movementos linguais...

O Departamento de fisioterapia asesora sobre o correcto posicionamento dos nosos alumnos e alumnas durante a comida, favorecendo o seu benestar ó mesmo tempo que procuramos a postura idónea para facilitar o desenvolvemento axeitado da actividade.

O Departamento de Terapia Ocupacional, previa solicitude dos titores ou titoras ofrecerá asesoramento no ámbito da autonomía da alimentación: establecendo pautas, proporcionando produtos de apoio e as adaptacións necesarias para facilitar a autonomía e a mellora das habilidades manipulativas durante as actividades de alimentación.

Os hábitos alimenticios inflúen directamente no estado de saúde dos nosos alumnos, e é responsabilidade de todo o persoal garantir a satisfacción desta necesidade contribuíndo así ó benestar dos rapaces.

O benestar que ofrecemos ós rapaces non se limita ó derivado exclusivamente das súas necesidades asistenciais, senón que intentamos que todas as actividades que realizamos estean inmersas nun clima afectivo e de confianza que leve ós alumnos a un estado

de seguridade. Tratamos de facer que a súa vida sexa agradable mentres acadamos, a través da estimulación, vínculos que contribúan a evitar o illamento.

En liñas xerais, a nosa intervención céntrase na estimulación das seguintes áreas, co obxectivo final de acadar a alfabetización e a instrución académica:

- Estimulación sensorial
- Estimulación perceptiva
- Estimulación cognitiva
- Estimulación e mellora da comunicación
- Mellora do ton muscular, postura e movemento
- Mellora da autonomía

1.2.2. IDENTIFICACIÓN E VALORACIÓN DAS NECESIDADES

Entre as necesidades permanentes e específicas de apoio que presentan os alumnos e alumnas escolarizados no CEEPR Princesa Letizia, podemos destacar as seguintes:

- Derivadas de déficits sensoriais diversos: visuais, auditivos, somático-tactis e de integración dos estímulos sensoriais en xeral.
- Derivadas de déficits motores: dificultades para acceder ó entorno, apraxias, discinesias, alteracións graves no tono muscular (hipotonía, hipertónica...), escoliosis, cifosis, lordosis, malformacións ortopédicas...
- Derivadas de déficits intelectuais: falta de conexión co entorno, dificultades para centrar e manter a atención, dificultades nas habilidades básicas de percepción, atención e memoria...
- Derivadas de dificultades comunicativas: dificultades para interactuar co entorno, imposibilidade para desenvolver a linguaxe oral, dificultades comprensivas e expresivas, necesidade de Sistemas Alternativos e/ou Aumentativos da Comunicación...
- Dificultades para a correcta deglución e masticación que inflúen directamente na súa alimentación; portadores de sonda gastroesofáxica nalgúns casos...

De xeito máis concreto, as necesidades específicas de apoio educativo enmárcanse nas seguintes:

Necesidades no ámbito motor

- Adquirir control postural e desenvolvemento motor
- Desenvolver as habilidades e destrezas manipulativas

- Aumentar a autonomía en xeral e na realización de AVDs

Necesidades no ámbito da linguaxe e a comunicación

- Relativas ó desenvolvemento da fala
- Relativas ó desenvolvemento da linguaxe
- Relativas ó desenvolvemento das funcións da linguaxe
- Emprego de SAAC ou códigos comunicativos sinxelos

Necesidades no ámbito cognitivo

- Obter información a través dos sentidos
- Aprender a utilizar os seus sentidos para interactuar co medio
- Adquirir habilidades sensoriomotrices para explorar e manexar obxectos
- Desenvolver capacidades perceptivas
- Desenvolver a atención
- Desenvolver os distintos tipos de memoria
- Identificar as diferentes contornas
- Coñecer e utilizar o seu corpo
- Coñecer persoas, identificar, referenciar...
- Descubrir os obxectos
- Ter acceso á función simbólica
- Desenvolver estratexias para comprender a contorna física e social
- Desenvolver conceptos básicos en relación ó tempo, ó espazo e á cantidade
- Adquirir aprendizaxes funcionais

Necesidades no ámbito sensorial

- Desenvolver a sensibilidade ante estímulos
- Desenvolver respostas perceptivas de conexión/interactuación/resposta coa contorna
- Acceder ós distintos estímulos
- Compensar dificultades sensoriais específicas con outras respostas perceptivas

Necesidades no ámbito afectivo-social

- Ter unha contorna emocional e social consistente
- Manter un contacto social normalizado con outras persoas e desenvolverse en contornas o menos restrictivas posibles
- Adquirir e desenvolver hábitos de autonomía
- Desenvolver a comunicación
- Adquirir e desenvolver habilidades sociais

- Modelar conductas adaptativas

Necesidades no ámbito do benestar e a saúde

- Manter cubertas as súas necesidades de hixiene e coidado
- Manter cubertas as súas necesidades sanitarias e de saúde
- Regular ritmos biolóxicos (sono, fame, actividade...)
- Ter unha hidratación e nutrición axeitadas...

1.3. Breve xustificación do mesmo

Os centros educativos deben dar resposta ás necesidades e demandas do seu alumnado. O uso das novas tecnoloxías forman parte do noso proceso de ensinanza e aprendizaxe, así como tamén do día a día como sistema alternativo de comunicación da maioría do alumnado do CEEPR Princesa Letizia.

Mediante o presente plan, pretendemos:

- Avaliar a situación actual do centro educativo en relación ao uso das TIC
- Recoñecer o Plan anual dixital como un recurso clave para a planificación e organización educativa.
- Recoñecer a necesidade dunha transformación dos sistemas de educación e formación que garantice a adquisición de competencias dixitais.
- Adaptar as competencias dixitais aos recursos, capacidades e necesidades do alumnado así como tamén ás infraestruturas, recursos e estado do centro.

1.3.1. Resumo da normativa vixente.

Os documentos legais que fan referencia a implantación do Plan Dixital no ámbito educativo son:

- 🔗 Art. 111 bis, Art. 121 e Art. 132 da LO 2/2006, de 3 de maio, de Educación
- 🔗 Disposición adicional quinta da Resolución do 17 de xuño de 2021, da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se ditan instrucións para o desenvolvemento das ensinanzas de EI, EP, ESO e bacharelato no curso académico 2021-2022
- 🔗 Resolución do 3 de setembro de 2021, da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se ditan instrucións para o deseño, elaboración e implementación do Plan Dixital nos centros docentes sostidos con fondos públicos da Comunidade Autónoma de Galicia para o curso 2021-2022.

1.4. Proceso de elaboración

Fóronse seguindo as pautas das pola mentora Adix e realizando as tarefas de cada unha das fases marcadas na Aula Virtual para o Plan Dixital:

FASE I: Análise e diagnose do centro.

- SELFIE. Utilizando como base as preguntas incluídas na propia ferramenta, distribuíuse entre as profesoras con máis de un ano de antigüidade (3/4)
- TestCDD: A través da ferramenta, o Coordinador do Plan Dixital xera as táboas cos resultados do test, que son estudadas coa Coordinadora de CEE.
- DAFO: Trala reunión coa nosa encargada do plan dixital realizamos unha reunión intercentros para establecer obxetivos comúns dentro dos distintos DAFOs da asociación. A continuación realízase unha sondaxe entre o profesorado e unha reunión entre a Coordinadora do Centro e o Coord. do Plan Dixital para a redacción.

FASE II: Deseño e elaboración do plan Dixital.

- Obxectivos do Plan de Acción. Tran unha reunión coa encargada do Plan Dixital para recoller exemplos de obxectivo, realizamos unha listaxe do que queremos alcanzar no eido dixital de cara ó curso que ven e redactamos os obxetivos.
- Plan Dixital: Unha vez recibido o borrador, a Coordinadora do CEE redacta o plan e o Coordinador do plan dixital introduce as táboas e embía eponse en contacto coa encargada antes de subilo para revisar o documento. O plan debe ser aprobado no claustro de Mestres e no consello escolar. Unha vez aprobado mándase ó noso rexistro para dar saída antes da entrega do plan na plataforma dixital.

2. Situación de partida

2.1. Infraestrutura, equipamento e servizos dixitais

Actualmente o CEEPR Princesa Letizia está dotado con ordenadores en todas as aulas e salas. Tamén dispón de internet por cable e sistema WIFI en todo o centro. O alumnado na súa maioría está dotado dun sistema alternativo e aumentativo da comunicación (tablets con programas específicos para á comunicación, grid3, TD Snap, Boadmaker...)

No centro hai proxectores e Webcam instalada en varios ordenadores. Tamén temos unha sala específica de informática, con ordenadores, portátiles, pantalla táctil, gafas de realidade virtual, e dispositivos de accesibilidade como o Tobii, pulsadores, joystic, ...)

Os servizos dixitais educativos como Abalarmóbil, Aula virtual, E- Dixgal,...non son unha ferramenta adaptada ao noso perfil de usuario e polo tanto son servizos que de momento non se están utilizando no noso centro.

Unha das novidades implantadas son os canles de difusión a través da aplicación whatsApp, para fomentar a comunicación entre familias e centro educativo. Tamén outra das implantacións foron as xuntanzas vía online como alternativa, entre diferentes colectivos da comunidade educativa (consello escolar, con familias, outros docentes ou profesionais da entidade....)

Dende a pandemia do Covid-19, o centro ten elaborado o Plan de continxencia. Este é unha ferramenta adaptada ao noso alumnado con pequenas pautas e actividades para levar a cabo con alumnado do CEEPR Princesa Letizia.

O mantemento do equipamento do centro é algo que debemos mellorar, xa que moitos dos ordenadores son antigos e o sinal WIFI non cubre todos os espazos do centro e iso, ás veces, convertese nun obstáculo para acceder a comunicación dixital.

SERVIZOS DIXITAIS:

Web corporativa: <http://amencer-ospace.org/>

Redes sociais:

Facebook: <https://www.facebook.com/Amencer.Aspace>

Twitter: https://twitter.com/Amencer_Aspace

Youtube: https://www.youtube.com/channel/UCRI-_jaZry_1kTIsOCdZ-vQ

Instagram: <https://www.instagram.com/asociacion.amencer.aspace/>

2.2.Fontes empregadas para a análise DAFO

Autoavaliación SELFIE: resumo das áreas do informe SELFIE de cada etapa educativa:

Areas	Grupos	Ensinanzas				
		Primaria	ESO	Bacharelato	FP	Ed. Post sec.
A -Liderado	Equipo Direct.	3,3				
	Profesorado	2,6				
	Alumnado	-				
B- Colaboración e redes	Equipo Direct.	4				
	Profesorado	2,6				
	Alumnado	1				
C- Infraestruturas e Equipos	Equipo Direct.	4,7				
	Profesorado	3,5				
	Alumnado	4,3				
D- Desenvolvemento profesional continuo	Equipo Direct.	3				
	Profesorado	2,5				
	Alumnado	-				

E- Pedagogía: Apoio e Recursos	Equipo Direct.	3,5				
	Profesorado	3,9				
	Alumnado	-				
F- Pedagogía: Implementación na aula	Equipo Direct.	3,4				
	Profesorado	2,8				
	Alumnado	3,7				
G- Prácticas de avaliación	Equipo Direct.	1,4				
	Profesorado	2,2				
	Alumnado	-				
H- Competencias dixitais do alumnado	Equipo Direct.	1,7				
	Profesorado	4				
	Alumnado	-				

Test CDD:

1.3. Participación segundo perfil do profesorado

	N.º profesorado que participa	N.º profesorado total	% participación
L01. Laboral	<u>3</u>	<u>4</u>	<u>75%</u>

2.1. Puntuación e nivel de competencia do centro

Puntuación media do test (sobre 192)	Nivel de competencia	Puntuación media do test en Galicia (sobre 192)	Nivel de competencia en Galicia
<u>61,3</u>	<u>Explorador/a (A2)</u>	<u>76,5</u>	<u>Integrador/a (B1)</u>

2.2. Puntuación e nivel de competencia por etapas

	Puntuación media do test (sobre 192)	Nivel de competencia	Puntuación media do test en Galicia (sobre 192)	Nivel de competencia en Galicia
Ed. Esp	<u>61,3</u>	<u>Explorador/a (A2)</u>	<u>76,5</u>	<u>Integrador/a (B1)</u>

2.3. Distribución do profesorado por niveis

	Total profesorado no nivel de competencia	% de profesorado participante neste nivel
A1		
A2	<u>2</u>	<u>66,7%</u>
B1	<u>1</u>	<u>33,3%</u>
B2		
C1		
C2		
TOTAL	<u>3</u>	<u>100,00%</u>

Outras fontes: O coñecemento da realidade do centro.

2.3. Análise DAFO

A partir do Informe SELFIE, TCDD e outras fontes, o centro xenerou unha análise DAFO que permite o coñecemento da realidade do centro no eido dixital e facilita a elaboración das liñas fundamentais do Plan Dixital en termos de obxectivos e accións a desenvolver.

INTERNOS		FORTALEZAS	DEBILIDADES
CATEGORÍAS	INFRAESTRUTURAS-EQUIPAMENTO	1. Conexión a internet. 2. Equipamento adaptado ao alumnado e profesorado. 3. Sala específica de comunicación e tecnoloxía.	1. Espazos limitados para as características do alumnado. 2. Sobrecoste das adaptacións (físicas e de software).
	PERSOAL DOCENTE	1. Implicación total. 2. Atención especializada e individualizada. 3. Experiencia con TICs e capacitación específica.	1. Necesidade de formación continua. 2. Moita adhesión á metodoloxía interna, dificultade para abrirse a outras metodoloxías.
	PERSOAL NON DOCENTE	1. Equipo interdisciplinar de atención ao alumnado. 2. Implicación total no manexo das tecnoloxías. 3. Todo o equipo traballa segundo pautas establecidas.	1. Temporalidade laboral.
	ALUMNADO	1. Ganas de participar, alumnado moi motivado. 2. Acceso á tecnoloxía: SAAC, adaptacións individualizadas,...	1. Grave afectación (cognitiva, física, de saúde). 2. Necesidade de adaptacións. 3. Alta taxa de mortandade e absentismo. 4. Longo tempo para adaptación e aprendizaxe no uso das tecnoloxías.
	FAMILIAS	1. Implicadas co traballo do centro. 2. Bo nivel de comunicación. 3. Receptividade ante o uso da tecnoloxía: SAACs.	1. Dispersión xeográfica. 2. Alto nivel de stres polas esixencias diarias e da dependencia. 3. Necesidade de formación continua.
	OFERTA	1. Escolarización combinada. 2. Banco de produtos, apoio e asesoramento. 3. SAAC.	1. Proxectos conxelados pola pandemia. 2. Necesidade de dar a coñecer o traballo en Parálise Cerebral.
	ORGANIZACIÓN DO CENTRO	1. Aulas ratio reducida: atención individualizada. 2. Traballo por pautas para todo o persoal (docente e non docente) 3. Contamos con departamento de Logopedia	1. Persoal temporal. 2. Dificultade para reunións do persoal. Tempo adicado á atención directa.

EXTERNOS		OPORTUNIDADES	AMEAZAS
CATEGORÍAS	ADMINISTRACIÓN EDUCATIVA	1. Apoio á dixitalización.	1. Carga burocrática excesiva. 2. Documentación e programas de xestión non adaptadas á poboación atendida.
	LEXISLACIÓN	1. Lei de protección de datos.	1. Ratios establecidas en atención á dependencia non realistas en PC. 2. Falta de recoñecemento de categorías profesionais necesarias (terapia ocupacional)
	CONTORNA	1. Boa ubicación xeográfica do centro.	1. Realidade pouco coñecida na contorna. 2. Dispersión xeográfica do alumnado.
	ANPA		
	OUTRAS ENTIDADES	1. Relación e colaboración con centros específicos e ordinarios. 2. Colaboración con entidades que apoian á Asociación Amencer-Aspace.	1. Conxelación de actividades e colaboracións pola pandemia.

3. Plan de Acción

O Plan de Acción está contemplado para que se vaia implantando ao longo do curso, en función da prioridade de actuación que se requira. Neste sentido durante este curso prestarase especial atención a combater a fenda dixital, a formación do profesorado e de aquel alumnado que así o precise en base as súas necesidades.

Con independencia das necesidades ou propostas de mellora suxeridas, en cada curso escolar o Plan de Acción deberá ter en conta os recursos materiais e humanos no momento de elaboración do Plan Dixital.

3.1.MEDIDAS PARA A ORGANIZACIÓN E DISTRIBUCIÓN DOS RECURSOS

3.1.1 Agrupamentos

Buscamos favorecer agrupamentos flexibles nos que o alumnado poida beneficiarse de actividades diferenciadas aínda que non sexa no seu propio grupo-aula.

Os agrupamentos flexibles son una estratexia que ten como obxectivo principal atender aos diferentes ritmos de aprendizaxe do alumnado, co fin de favorecer tanto os seus intereses como a súa aprendizaxe. Habitualmente parten de agrupamentos o máis homoxéneos posibles, pero en actividades concretas participan con outros grupos segundo as capacidades, intereses e necesidades do alumnado.

3.1.2. Recursos persoais

Na actualidade o CEEPR Princesa Letizia está formado polo seguinte persoal:

- Mestres especialistas en pedagogía terapéutica: 3 (xornada completa)
- Mestre de apoio especialista en pedagogía terapéutica: 1 (9 horas a semana)
- Coidadores: 2 (xornada completa)
- Fisioterapeutas: 1 (media xornada)
- Logopedas: 1 (media xornada)
- Terapeuta Ocupacional: 1 (unha hora á semana e asesoramento con cita previa)
- Psicóloga: 1 (cita previa)
- Traballadora social:1 (cita previa)
- Persoal limpeza:1 (8 horas a semana)

3.1.3. Recursos materiais

- Diversidade de material sensorial (témpera sensorial, pintura dedos, barro, plastilina, xogos, encaixes, xoguetes adaptados...)
- Productos de apoio para acceso á comunicación e aos contidos

- TICs en todas as aulas: ordenadores, rato adaptado, brazo articulado, pulsadores variados, comunicadores sinxelos e complexos, botóns gravadores, software educativo e programas interactivos diversos...
- Mobiliario escolar adaptado: mesas de escotadura regulables en altura e inclinación; cadeiras con moldes, posicionadores..., bipedestadores, bandexas para cadeiras de rodas, atrás...
- Material escolar adaptado: material para engrosar e lastrar, "joystics", pulsadores, pinceis, lápices e outros útiles de escritura, velcros, ventosas, pizarras férricas e imantadas...;

3.1.4. Recursos espaciais

O CEEPR Princesa Letizia trata de realizar melloras permanentes e atópase en constante troco en función das necesidades que xurdan da atención aos rapaces e rapazas. Deste xeito, procura unha contorna accesible nos espazos comúns e zonas de tránsito amplas, ramplas de acceso...

Con carácter xeral, o centro está dotado dos seguintes espazos que facilitan unha atención diversificada na que a rehabilitación está integrada no día a día:

- 2 aulas
- Gabinete de fisioterapia
- Gabinete de logopedia
- Cociña-comedor
- Zona de baños e cambio de cueiro

3.2. Obxectivos, indicadores e accións

Para traballar cada un dos obxectivos implantados no Plan Dixital, mostrarase a información en táboas que recollerán os seguintes aspectos:

- Título da acción; **Obxectivo**: para poder identificar cada unha delas.
- Área de actuación; **Responsable**: dirección, profesorado, alumnado e centro.
- **Indicadores**: será onde se mostre que indicadores se utilizarán para corroborar que o obxectivo proposto se cumpre.
- Situación actual; **Valor de partida**: explicarase a situación inicial tras o análise pertinente.
- Data límite; **Valor previsto**: explicarase a data prevista para alcanzar o obxectivo proposto.
- **Accións**: neste apartado recollerase as accións que se planifican para conseguir dito obxectivo. Tamén se recollerá a persoa ou departamento responsable ao que este obxectivo pertence, o prazo para realizala e finalmente si se levou a cabo e cando.
- **Avaliación**: avaliaremos como se levou a cabo e aportaranse propostas de mellora.

3.3.Necesidades de equipamento e de infraestruturas tecnolóxicas

En canto ás necesidades de equipamento e de infraestruturas tecnolóxicas o CEEPR Princesa Letizia levará a cabo as seguintes actuacións:

- Realizará un inventario dos recursos tecnolóxicos e informáticos dispoñibles no centro (ordenadores, proxectores, software,...).
- Establecerá un réxime de uso dos espazos e recursos tecnolóxicos e informáticos do centro, dando prioridade en base as necesidades do alumnado (préstamo de materiais, normas de uso...)
- Establecerá os contactos e facer as xestións necesarias para a adquisición de novos materiais, recursos informáticos, formacións e incorporación de novas tecnoloxías (adaptadas sempre que sexa posible para o noso perfil de alumnado)

Táboas para cada obxectivo do Plan de Acción

“Área/s de mellora”: LIDERADO						
1. OBXECTIVO:	RECUPERAR PROXECTOS DE COLABORACIÓN CON OUTRAS ENTIDADES A TRAVES DO ENVÍO DE CONTIDOS DIXITAIS PROPIOS				Acadado	
RESPONSABLE:	Coordinador CEE, Coordinador Plan Dixital				Non acadado	
INDICADOR/ES DO OBXECTIVO (2)	Recepción por parte dos centros e entidades dos materiais elaborados					
Valor de partida (3)	Información enviada ao 10% das entidades colaboradoras.					
Valor previsto e data (4)	Información enviada ao 100% das entidades colaboradoras.			Xuño de 2023		
ACCIÓNS A DESENVOLVER						
DESCRICIÓN (5)	RESPONSABLES (6)	DATA PREVISTA FIN (7)	RECURSOS NECESARIOS (8)	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN		
				VALORACIÓN DA ACCIÓN (9)	ESTADO (10)	
AO1.1: Crear un equipo de traballo dixital e dotalo de tempos e espazos	Coordinador CEE	Curso 2021-2022	Persoal, espazo físico e tempo de reunión		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO1.2: Xerar, enviar e publicar novos contidos dixitais, nas nosas redes sociais, na web,...	Coordinador Plan dixital	Setembro-décembro 2022	Ordenadores, cámaras, tablets, software de edición, redes sociais.		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO1.3: Analizar o feedback recibido e a recuperación de proxectos de colaboración.	Equipo de traballo dixital	Xuño			Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	

“Área/s de mellora”: DESENVOLVEMENTO PROFESIONAL CONTINUO						
2. OBXECTIVO (1):	Crear, compartir e publicar contidos dixitais da vida do centro para sensibilizar sobre a PC				Acadado	
RESPONSABLE:	Coordinador CEE, Coordinador Plan Dixital				Non acadado	
INDICADOR/ES DO OBXECTIVO (2)	Créanse, compártense e publícanse contidos dixitais.					
Valor de partida (3)	0 10% do profesorado crea, comparte e/ou publica.					
Valor previsto e data (4)	0 80% do profesorado crea, comparte e/ou publica.			Xuño de 2023		
ACCIÓNS A DESENVOLVER						
DESCRICIÓN (5)	RESPONSABLES (6)	DATA PREVISTA FIN (7)	RECURSOS NECESARIOS (8)	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN		
				VALORACIÓN DA ACCIÓN (9)	ESTADO (10)	
AO2.1: Crear un equipo de traballo dixital e dotalo de tempos e espazos	Coordinador CEE	Curso 2021-2022	Persoal, espazo físico e tempo de reunión		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO2.2: Aprender uso e manexo ferramentas dixitais para presentacións, a edición de imaxes, son e vídeo.	Coordinador Plan dixital	Setembro-décembro 2022	Ordenadores, cámaras, tablets, software de edición, redes sociais.		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
AO2.3: Xerar, enviar e publicar novos contidos dixitais nas nosas redes sociais e na web corporativa.	Equipo de traballo dixital	2º e 3 trimestre do curso			Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	

“Área/s de mellora”: DESENVOLVEMENTO PROFESIONAL CONTINUO						
3. OBXECTIVO (1):	Crear e compartir contidos dixitais adaptados ao noso alumnado.				Acadado	
RESPONSABLE:	Coordinador CEE, Coordinador Plan Dixital				Non acadado	
INDICADOR/ES DO OBXECTIVO (2)	Créanse e compártense contidos dixitais.					
Valor de partida (3)	0 10% do profesorado crea e comparte					
Valor previsto e data (4)	0 80% do profesorado crea e comparte.			Xuño de 2023		
ACCIÓNS A DESENVOLVER						
DESCRICIÓN (5)	RESPONSABLES (6)	DATA PREVISTA FIN (7)	RECURSOS NECESARIOS (8)	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN		
				VALORACIÓN DA ACCIÓN (9)	ESTADO (10)	
AO3.1: Aprender o uso e manexo de ferramentas dixitais para creación de contidos adaptados ao noso alumnado: arasaac, genially, video interactivo,...	Coordinador Plan dixital	Setembro-décembro 2022	-Tempo - Ordenadores, tablets -Softwar específico (no caso de ser necesario)		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
A03.2: Crear e compartir novos contidos dixitais adaptados ao noso alumnado.	Equipo de traballo dixital	2º e 3 trimestre do curso	-Tempo -Softwar específico (no caso de ser necesario)		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	

Axuda para completar as táboas:

- (1) **Establecer e numerar OBXECTIVOS "SMART"** (que queremos conseguir). Recoméndase que estes obxectivos sexan:
- Específicos (Specific)**, é dicir, deben ser o máis concretos posible. A lectura do obxectivo por parte de calquera membro do claustro debe permitir comprender exactamente que se pretende facer e como;
 - Medibles (Measurable)**, deben responder a metas cuantificables. Se o obxectivo non é medible, non poderemos saber cando foi acadado;
 - Alcanzables (Achievable)**, é dicir, poden e deben ser ambiciosos, pero realistas;
 - Relevante (Relevant)**, debemos formular obxectivos que conleven un beneficio importante para a organización educativa;
 - Definidos no tempo (Time bound)**, isto facilitaranos identificar as distintas etapas e fitos que permitirán acadalos.

Para cada obxectivo se establecerá a **persoa responsable** do seu seguimento.

No conxecto da avaliación do Plan, se reflectirá na propia táboa a consecución ou non do obxectivo en cuestión marcando a opción correspondente (**Acadado** ou **Non acadado**).

- (2) **INDICADOR: Permitirán avaliar** a consecución ou non dos obxectivos. Os indicadores deben ser claros e medibles, e respostar a escalas numéricas.
- (3) **VALOR de PARTIDA:** Debe ser o valor do indicador (claro e numérico) na situación inicial do centro.
- (4) **VALOR PREVISTO:** Cantidade numérica do indicador que queremos alcanzar. Establecerase a **data** límite para acadar dito valor.

ACCIÓNS A DESENVOLVER:

- (5) **DESCRIPCIÓN:** Establecer e numerar accións **concretas e necesarias**, para desenvolver o obxectivo (Para o obxectivo 1, a primeira acción nomearase AO1.1., a segunda AO1.2. e así sucesivamente).
- (6) **RESPONSABLES:** Persoa ou equipo de persoas implicadas que se responsabilizan da realización da acción.
- (7) **DATA PREVISTA FIN:** Data concreta na que está finalzaría a acción completamente.
- (8) **RECURSOS NECESARIOS:** Recursos que precisaremos para poder completar esa liña (equipamento, persoal, infraestruturas,...).
- (9) **VALORACIÓN DA ACCIÓN:** No contexto do seguimento do Plan de Acción é preciso valorar (mediante unha valoración sucinta) o logro de cada acción de mellora en función da temporalización prevista.
- (10) **ESTADO:** Permite reflectir de xeito rápido á hora de avaliar o Plan a situación de cada acción en relación co grao de desenvolvemento

4. Avaliación do plan

4.1. Seguimento do Plan de Acción

A avaliación do Plan Dixital no CEEPR Princesa Letizia, levarase a cabo de forma trimestral, onde se incluírán as posibles modificacións das accións e propostas iniciais .

4.2. Propostas de mellora (revisión)

Revisarase e aprobarase de forma anual polo claustro de mestres e tamén terá que ser aprobado polo Consello Escolar.

Cada unha das accións propostas no plan ten uns indicadores específicos que axudarán a determinar si o obxectivo proposto foi alcanzado e si é necesario realizar variacións no achegamento destas accións durante o curso.

Coa análise destes indicadores, elaborárase un informe avaliatiivo final no que se recollerán os resultados, aspectos negativos, aspectos positivos e as propostas de mellora para os cursos posteriores.

5. Difusión do plan

Unha vez aprobado , o Plan Dixital estará a disposición de toda a comunidade educativa, na carpeta de "Documentos oficiais" aloxada no servidor local da entidade.